



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se regula o uso e o acceso á historia clínica electrónica

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2009 de vinte e cinco (25) bolsas de promoción exterior do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
- Acordo polo que se aproba o Plan Económico Financeiro Global para o ano 2009 da Sociedade Pública de Investimentos, S.A (SPI- Galicia, S.A)

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Lugo, para a realización de obras de infraestrutura viaria no termo municipal de Lugo



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Vigo, para a urbanización das rúas Manuel Álvarez, Severino Covas e Gregorio Fernández
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello da Guarda, para a mellora da estrada PO-353 A Guarda-Fornelos P Q: 0 + 460 – 3 + 150

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Cangas (Pontevedra), para a finalización da construción dunha piscina cuberta e climatizada

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio marco de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, para a execución das obras de ampliación do Hospital de Montecelo e dotación de infraestruturas

### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a Autoridade Portuaria de Vigo, para a realización da obra de mellora e acondicionamento de instalacións no porto pesqueiro de Vigo



## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia, o Concello de Lalín e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización de diversas actuacións de establecemento e recuperación de infraestruturas hidráulicas e acondicionamento do río Pontiñas ao seu paso polo concello de Lalín, por importe de douscentos trinta e sete mil setecentos oitenta e seis euros con cincuenta céntimos (237.786,50)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Lalín, para a execución da obra de saneamento a Pareizo e Cotarelo. Lalín (Pontevedra), clave OH.336.833, por importe de trescentos dous mil cincocentos vinte e dous euros (302.522,00 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Carballo e Coristanco, para a execución da obra de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Ardaña. Carballo e Coristanco (A Coruña), clave OH.315.794, por importe de dos millóns setecentos setenta e catro mil cento setenta e nove euros con sesenta e catro céntimos (2.774.179,64 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Nigrán, para a execución da obra de saneamento en Chandebrito (2ª fase), roteas e rúa do Río (Camos) e rúa Areosa. Nigrán (Pontevedra), clave OH.336.795, por importe de seiscentos sesenta mil oitocentos oito euros, con cincuenta e oito céntimos (660.808,58 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Estrada, para a execución da obra de novo abastecemento da Estrada. A Estrada (Pontevedra), clave OH.236.600, por importe de dous millóns setenta e dous mil oitocentos sesenta e oito euros con quince céntimos (2.472.868,15 euros)

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta sobre o Plan de tecnoloxías da información da sanidade galega (2006-2009): rede de saúde



## **APRÓBANSE OS ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

- *O seguinte paso, tras a súa publicación no DOG, é elixir os órganos reitores e iniciar así a posta en marcha do Consorcio*
- *Este abranguerá toda a provincia e poderá establecer as áreas de actuación preferente de cada parque segundo tempos de resposta*
- *O financiamento, tanto da fase de construción e equipamento como da de funcionamento, correrá a cargo da Xunta e da Deputación de Lugo ao 50%*
- *Os parques de bombeiros incluídos no Consorcio son Viveiro, Vilalba, Sarria, Chantada e Barreiros*
- *Coa posta en marcha destes parques garantirase a resposta dos servizos de emerxencia en menos de 30 minutos para o 87% da poboación da provincia, e en menos de 20 minutos para o 68%*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, paso previo para a constitución deste organismo. Os representantes do Consorcio reuníranse para elixir os órganos reitores e iniciar así a súa posta en marcha unha vez que se publiquen estes estatutos no DOG. Neste texto recóllense aspectos como a denominación e o obxecto do Consorcio, o seu ámbito de actuación, os seus órganos de goberno e os seus réximes funcional, económico e financeiro.

O Consorcio abranguerá toda a provincia de Lugo e poderá establecer as áreas de actuación preferente de cada parque de bombeiros atendendo aos tempos de resposta. Excepcionalmente, a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) poderá solicitar a actuación do Consorcio fóra da provincia cando así o requiran as circunstancias. Ademais, no caso de activación de plans de emerxencia da comunidade autónoma, o ámbito de actuación fixarase segundo as directrices do director do plan activado. Quedan excluídos do seu ámbito de actuación todos os concellos nos cales se preste o servizo de extinción de incendios e salvamento con persoal propio e nos municipios de máis de 20.000 habitantes que teñan un parque de bombeiros propio.

Os cinco parques comarcais de bombeiros que integran o Consorcio estarán nos municipios de Viveiro, Vilalba –ambos os parques en proceso de licitación-, Sarria e Chantada –os dous parques en execución- e en Barreiros –onde se adecuan as instalacións xa construídas-. Estes cinco parques prestarán o seu servizo aos concellos da súa comarca, sen prexuízo de ter que atender emerxencias fóra dela en determinados casos especiais que así o requiran e baixo as directrices do Consorcio.



O financiamento tanto da fase de construción e equipamento como da de funcionamento correrá a cargo da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo ao 50%, segundo se expresa nos estatutos. Por este motivo, ambas as administracións achegarán un total de 9 millóns de euros en investimentos iniciais –para construción de parques e equipamento- e 3,5 millóns de euros cada ano para o mantemento. De feito, o ano pasado, o conselleiro de Presidencia, José Luis Méndez Romeu, e o presidente da Deputación Provincial de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, xa asinaron un convenio de colaboración para a adquisición de cinco vehículos contra incendios e de salvamento para a súa dotación. Con este fin, o departamento autonómico achegou un total de 969.000 euros –cofinanciados con fondos Feder-, mentres que a Deputación se encarga da licitación e de toda a tramitación necesaria para a súa posta en funcionamento, incluída a xestión das autorizacións necesarias.

A provincia da Coruña xa ten un Consorcio deste tipo e o de Lugo será o segundo en crearse en Galicia. Con esta actuación, a provincialuguesa contará con parques de bombeiros de carácter comarcal, inexistentes ata a actualidade, coa finalidade de mellorar a cobertura ante as emerxencias e a atención aos cidadáns.

Coa posta en marcha dos cinco parques contra incendios garantirase a resposta dos servizos de emerxencia en menos de 30 minutos para o 87% da poboación da provincia de Lugo, uns 311.967 habitantes. Ademais, o 68% será asistida en menos de 20 minutos. Actualmente, tan só o 31% da poboación da provincia recibe resposta ante as emerxencias en menos de media hora.

### **Órganos de goberno**

Tal e como se explica nos estatutos, o Consorcio terá cinco órganos de goberno e xestión: o Pleno, a Comisión Executiva, a Presidencia, a Vicepresidencia e o Consello Asesor. O Pleno é o máximo órgano colexiado e nel están representados tanto a Deputación de Lugo como a Xunta e os alcaldes de municipios nos cales se establece parque de bombeiros. Así mesmo, encargarase, entre outras cousas, de organizar o Consorcio e tamén de aprobar tanto os orzamentos e a memoria anual como o cadro de persoal ou os proxectos de obra e servizo.

A Comisión Executiva aprobará os proxectos de orzamentos, do cadro de persoal e de obras e servizos, que serán autorizados definitivamente polo Pleno. A Presidencia recae na Deputación e a Vicepresidencia na consellería con competencias en protección civil. Finalmente, o Consello Asesor emitirá informes preceptivos sobre a memoria anual e as propostas de convenios e servirá de comité asesor, entre outras funcións.



### **Lei de Emerxencias**

A Lei de Emerxencias –aprobada o pasado ano- establece a necesidade de crear consorcios provinciais de servizos de loita contra os incendios e salvamento para xestionar as emerxencias en Galicia. Con esta iniciativa, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza busca unha organización axeitada que permita unha resposta eficaz ante calquera circunstancia que poida supoñer un perigo para a vida e os bens das persoas, así como a optimización e a racionalización dos medios e dos recursos dispoñibles.

Optouse pola figura dun consorcio único para toda a provincia atendendo a peculiares características do servizo neste territorio e a criterios de racionalidade, economía e optimización de recursos. A adopción desta fórmula consensuada coa Deputación Provincial de Lugo, permitirá unha xestión e planificación centralizada para poder ofertar unha maior e máis rápida cobertura das emerxencias. No relativo aos parques de bombeiros das cidades, tanto a Lei de Emerxencias como a Lei de Réxime Local establecen que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes deben prestar os servizos de protección civil e de prevención e extinción de incendios. Polo tanto, os parques de bombeiros municipais son competencia dos concellos correspondentes.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE LOGOPEDAS DE GALICIA

- *Velará pola representación e defensa dos intereses xerais dos seus colexios e pola promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos da profesión*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que recolle os estatutos do Colexio Oficial de Logopedas, que terá entre as súas finalidades ordenar o exercicio da profesión dentro do marco que establecen as leis; a súa orientación e vixilancia; a colaboración cos poderes públicos; a representación e defensa dos intereses xerais dos logopedas, en especial nas súas relacións coas administracións e institucións; e a promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos.

Corresponden ao Colexio funcións como facilitar aos seus colexiados o exercicio da profesión; desempeñar a súa representación e defensa; participar nos consellos ou organismos consultivos da Administración autonómica en materia da súa competencia profesional; colaborar coas universidades na elaboración dos plans de estudos e estar representado nos seus colexios sociais; facilitar aos tribunais de xustiza a relación dos colexiados que puidesen ser requiridos para intervir como peritos en asuntos xudiciais; ordenar a actividade dos colexiados; establecer baremos de honorarios; impedir e denunciar os casos de intrusismo profesional; e organizar cursos de formación, entre outras.

### **Colexiación**

A incorporación ao Colexio é un requisito indispensable para o exercicio da profesión de logopeda en Galicia; aínda que os profesionais vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados cando o beneficiario sexa esa Administración.

Poderán integrarse nel as persoas que teñan a titulación de diplomado universitario en logopedia e as que cumpran os requisitos establecidos na Lei 3/2006, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, é dicir, que aínda que non estean en posesión deste título, traballen no campo das perturbacións e patoloxías da linguaxe e da audición e se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- Que acrediten o exercicio profesional no campo da logopedia polo menos durante catro anos e estean en posesión do título de profesor especializado en perturbacións da linguaxe e da audición expedido polo Ministerio de Educación, ou do correspondente diploma expedido por calquera universidade española.
- Que estean en posesión do título universitario en ciencias da saúde ou educación e teñan formación específica en logopedia cunha duración non inferior a sesenta



créditos e acrediten catro anos de experiencia en actividades propias dela, con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

- Que estean en posesión de titulación universitaria en ciencias da saúde ou educación e acrediten sete anos de experiencia en actividades propias da logopedia dentro dos dez anos anteriores á entrada en vigor desta lei.

Os estranxeiros poderán incorporarse ao Colexio cando cumpran os requisitos para exercer a profesión en España. Para obter a alta como colexiado, os interesados deben ter a titulación requirida legalmente, non estar incapacitados ou inhabilitados para o exercicio da profesión, non atoparse suspendidos nel por sanción disciplinaria colexial e aboar os correspondentes dereitos ou cotas de incorporación.

Os colexiados poderán figurar inscritos como exercentes, non exercentes, honorarios –logopedas xubilados ou declarados en invalidez permanente para todo tipo de traballo, que estarán exentos de pagamento das cotas colexiais- e de honra, que serán aquelas persoas que teñan realizado un labor relevante e meritorio en favor da profesión.

A condición de colexiado perderase por defunción, por incapacidade legal, por expediente disciplinario, por baixa voluntaria –xustificada por cesamento da actividade profesional- ou por non aboar o importe dos dereitos correspondentes a un ano de colexiación.

### **Dereitos e deberes**

Segundo o texto aprobado hoxe, os colexiados teñen dereitos como exercer a profesión; ser asistidos, asesorados e atendidos polo Colexio; utilizar os seus servizos e medios; participar nas súas eleccións; presentar á súa Xunta de Goberno peticións, queixas ou suxestións relativas ao exercicio profesional ou á marcha da entidade; recibir con regularidade información sobre a actividade colexial; e gardar o segredo profesional.

Así mesmo, entre os seus deberes inclúense exercer a profesión eticamente e aténdose ás normas deontolóxicas establecidas nos estatutos; presentar ao Colexio declaracións profesionais, contratos e outros documentos que lles sexan requiridos; comunicarlle os cambios de domicilio; aboar as cotas establecidas; participar activamente na vida colexial; desenvolver con dilixencia os cargos para os cales sexan elixidos; respectar os dereitos doutros colexiados; e estar en posesión do carné profesional.





### **Órganos do Colexio**

No que se refire aos órganos de goberno, a Asemblea Xeral ten entre as súas competencias aprobar os estatutos do Colexio e os seus regulamentos; aprobar os seus orzamentos; coñecer e aprobar a súa memoria de actuación; o establecemento de acordos ou convenios que vinculen o Colexio máis alá do tempo de exercicio da Xunta que os propoña; aprobar as propostas de fusión, absorción, segregación e disolución; e nomear colexiados de honra.

A Xunta de Goberno, pola súa banda, debe cumprir funcións como a xestión e administración do Colexio e os seus intereses; decidir sobre as solicitudes e baixas de colexiación; a elaboración do orzamento; a tramitación e resolución dos expedientes disciplinarios; e a preparación dos asuntos que deban ser sometidos á Asemblea.

Por último, os estatutos establecen que o presidente do Colexio ten atribuídas entre as súas funcións a representación legal e dirección da entidade; visar as certificacións que expida o secretario; subscribir e outorgar contratos, documentos e convenios de interese para a organización; e convocar as reunións da Xunta de Goberno e as asembleas xerais.



## A XUNTA REGULA O USO E O ACCESO Á HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA COA TOTAL GARANTÍA DE CONFIDENCIALIDADE E INTEGRIDADE DOS DATOS

- *O acceso á historia clínica electrónica a través do sistema IANUS garante a súa accesibilidade de xeito seguro a todos os profesionais autorizados do sistema sanitario de Galicia*
- *O Decreto aprobado hoxe establece este soporte informático para o manexo da historia clínica electrónica coa finalidade de garantir, ademais da accesibilidade e seguridade técnica da información, a calidade, a coordinación e a continuidade asistencial*
- *O sistema IANUS identificará a todo profesional que intente acceder á información e verificará a súa autorización*
- *Actualmente en IANUS están abertas 2.610.693 historias clínicas dixitais en Galicia que poden consultar os 15.000 profesionais acreditados*
- *O paciente terá acceso ao seu historial clínico electrónico a través da web do sistema sanitario público de Galicia, [www.sergas.es](http://www.sergas.es), ou da páxina [www.galiciasaude.es](http://www.galiciasaude.es)*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica. Esta regulación permite lograr unha maior calidade e seguridade na información sanitaria, superando con moito as formas tradicionais de documentación manual.

A Consellería de Sanidade garante a confidencialidade e integridade dos datos sanitarios de cada paciente. O uso da historia clínica electrónica permite tratar máis datos persoais e os fai máis accesibles para un maior número de destinatarios.

Optouse un sistema que integra toda a documentación clínica xerada nos diferentes niveis de prestación ao longo de todo o proceso asistencial. Este sistema de historia clínica electrónica, denominado IANUS, garante de xeito seguro a accesibilidade de toda a información clínica aos profesionais que desenvolven a súa actividade para o sistema sanitario público de Galicia, promovendo a compartición de información e a transferencia de coñecemento.

O decreto que regula a historia clínica electrónica estableceuse con base en tres principios fundamentais. En primeiro lugar, o principio da vinculación asistencial, como chave que lexitima o acceso á historia por parte dos profesionais sanitarios, así como polo persoal de xestión e servizos. Esta regulación tamén ten en conta o principio de proporcionalidade, que marca en cada momento o alcance e medida que pode ter este acceso á historia clínica electrónica; e, por último, o principio de autonomía do paciente, que lle permite a este o acceso á súa historia clínica.



### **Definición, elaboración e xestión, e control de acceso**

O decreto de uso e acceso da historia clínica electrónica consta de 24 artigos estruturados en tres capítulos. No primeiro deles, establécese o sistema IANUS como o soporte informático para o manexo da historia clínica electrónica nos centros sanitarios públicos de Galicia, coa finalidade de garantir a calidade, accesibilidade e seguridade técnica da información clínica, así como a coordinación e a continuidade asistencial.

Tamén se enuncia neste capítulo que a elaboración e o contido da historia clínica electrónica é responsabilidade dos profesionais que interveñen na asistencia directa ao paciente. En concreto, este historial incorpora a información clínica xerada naquelas actuacións sanitarias derivadas de programas de saúde pública, baixo o principio de integrar toda aquela información que poida ser relevante para unha mellor asistencia futura.

En todos os casos quedará garantido plenamente o dereito do paciente á súa intimidade persoal e familiar, xa que o persoal que accede a calquera dato sobre a súa saúde está obrigado ao correspondente segredo profesional. Neste contexto, o sistema IANUS identificará de forma personalizada todo profesional que intente acceder á información e verificará a súa autorización (o acceso realízase mediante uso da tarxeta identificativa do profesional e a súa sinatura electrónica recoñecida). De cada intento de acceso ao sistema IANUS gardarase, como mínimo, a identificación do profesional de que se trate, a data e hora en que se realizou o acceso, a parte da historia clínica consultada e o tipo de acceso. Tamén quedará rexistrado se foi denegado o acceso por non cumprir os criterios.

### **Accesos de profesionais e dos pacientes**

O segundo capítulo deste decreto define os diferentes accesos dos profesionais relacionados co sistema sanitario público de Galicia. Así, os profesionais sanitarios teñen acceso a toda a información na historia clínica electrónica como ferramenta fundamental para a adecuada asistencia sanitaria ao paciente. Por outra banda, o persoal de xestión e servizos terá un acceso restrinxido aos datos imprescindibles para o exercicio das súas funcións en relación co seu posto de traballo. Tamén contarán con acceso regrado (logo de acreditación do cumprimento das exixencias de protección de datos) os profesionais sanitarios que traballen en centros concertados.

Actualmente o sistema IANUS está accesible en todas as áreas sanitarias de Galicia, e están acreditados 15.000 profesionais para acceder ás 2.610.693 historias clínicas que actualmente están abertas en formato dixital.



O decreto autorizado hoxe no Consello da Xunta tamén regula o acceso para fins estatísticos ou epidemiolóxicos, de investigación e docencia, publicacións científicas e estudos; así como o acceso nas actividades de inspección, avaliación, acreditación ou planificación sanitaria. Así mesmo, o sistema IANUS establece unha serie de módulos de especial custodia que conterán datos referidos á área xenética, de sexualidade ou reprodución, psiquiatría, transplante de órganos, enfermidades infecciosas, así como datos relativos á violencia doméstica.

O terceiro capítulo do decreto establece o dereito de acceso aos datos da historia clínica electrónica do propio paciente mediante acreditación da súa identidade. Tamén se regula o acceso por parte dunha persoa á cal o paciente lle dea a súa autorización; por terceiros, motivado por un risco obxectivo para a súa saúde e logo da acreditación do risco; e tamén se lles facilitará información de usuarios falecidos ás persoas vinculadas a eles sempre que o falecido non o prohibise expresamente.

Así mesmo, régúlase o acceso directo do paciente ao seu historial clínico electrónico a través da web do sistema sanitario público de Galicia, [www.sergas.es](http://www.sergas.es) ou [www.galiciasaude.es](http://www.galiciasaude.es). Este acceso realizarase logo de comprobación polo sistema IANUS da identidade do interesado a través da súa sinatura electrónica. O dito servizo porase en marcha a finais do mes de marzo, e facilitará o acceso aos informes de alta, á folla de medicación activa e ás instrucións previas do paciente.



## O GOBERNO GALEGO DESTINA 1.659.000 EUROS A FINANCIAR O PROGRAMA DE BOLSEIROS DE PROMOCIÓN EXTERIOR IMPULSADO POLO IGAPE

- *O obxectivo desta convocatoria é facilitar a especialización de titulados universitarios no ámbito internacional, apoiar a proxección exterior das pemes galegas e a captación de investimentos foráneos*
- *As bolsas están dotadas cunha cantidade base anual de 22.000 euros brutos, que pode ascender ata 52.000 euros segundo o país e cidade de destino*
- *A duración será dun mínimo de oito meses e un máximo de doce, que poderán ser prorrogados polo Igape por un período de ata seis meses adicionais*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Facenda, destina 1.659.000 euros ao financiamento do programa de formación de bolseiros de promoción exterior, na convocatoria correspondente a 2009, segundo o acordo aprobado polo Consello da Xunta.

Facilitar a especialización de titulados universitarios no ámbito internacional, apoiar a proxección exterior das pemes galegas e a captación de investimentos foráneos son os principais obxectivos que busca o Igape coa convocatoria de 25 bolsas de promoción exterior, de acordo cunhas bases reguladoras que serán publicadas proximamente no DOG.

As bolsas estarán dotadas cunha cantidade base anual de 22.000 euros brutos, que pode ascender ata 52.000 € segundo o país e cidade de destino. Os aspirantes deben ser naturais de Galicia, ter en Galicia a súa veciñanza administrativa cunha antigüidade superior a vinte e catro meses ou ser descendentes en liña directa (ata o terceiro grao) de emigrantes galegos no exterior. Tamén deberán acreditar o dominio (falado e escrito) dalgunha das seguintes linguas: alemán, francés, inglés, italiano ou portugués.

A duración inicial das bolsas será dun mínimo de oito e un máximo de doce meses, período que poderá ser prorrogado polo Igape por un período de ata seis meses adicionais en consideración á programación de actividades do Instituto e aos resultados acreditados polo bolseiro. Durante o período inicial, os bolseiros seleccionados terán como destino os centros de promoción de negocios que o Igape ten no exterior, as oficinas económicas e comerciais de España (OFCOMES) no estranxeiro ou outros lugares concertados polo Igape. As prórrogas das bolsas poderán desenvolverse neses mesmos lugares ou ben en consorcios de exportación galegos en destino, filiais de empresas galegas no estranxeiro, asociacións de empresarios galegos no exterior ou empresas galegas en Galicia.



Os seleccionados e os reservas recibirán previamente unha formación teórica e práctica no ámbito internacional que durará polo menos dous meses. Desde os seus destinos e baixo a coordinación do Igape, prestarán apoio ás empresas galegas na súa busca de novos mercados e no establecemento de acordos con empresas estranxeiras. Entre as funcións dos bolseiros destacan a procura de oportunidades de negocio, a investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras e a detección de potenciais investidores estranxeiros en Galicia.



## **A SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA APROBA A CONTRATACIÓN DE OBRAS ESTE ANO POR UN IMPORTE DE 425 MILLÓNS DE EUROS**

- *O importe aprobado supón un incremento das licitacións do 200% respecto do ano anterior*
- *O Servizo Galego de Saúde concentra 420 millóns de euros do total aprobado e a Consellería do Medio Rural, 5 millóns de euros*
- *Dentro das actuacións previstas destacan, por parte do Sergas, a construción do novo Hospital de Vigo e a reforma e ampliación do Hospital de Pontevedra*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Económico e Financeiro da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) de Galicia que permitirá que a sociedade dependente da Consellería Economía e Facenda inicie neste exercicio a contratación de obras por un importe de 425 millóns de euros, o que supón un incremento de licitacións do 200% respecto do ano anterior. Entre os novos mandatos incluídos no Plan de carácter plurianual aprobado hoxe, é o Servizo Galego de Saúde (Sergas) o que concentra a maior parte do total, con 420 millóns de euros e a Consellería do Medio Rural con 5 millóns de euros. No referente ás actuacións que se van levarán a cabo durante este exercicio, destacan, por parte do Sergas, a construción do novo Hospital de Vigo e a reforma e ampliación do Hospital de Pontevedra, e, polo que a Medio Rural respecta, cómpre subliñar a tramitación de obras de redes de camiños de novas concentracións parcelarias nas catro provincias galegas.

O investimento que executará a SPI elévase ata os 645 millóns de euros ao sumarlle ás anteriores actuacións os proxectos xa en execución. Dentro destes, os máis significativos son: na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: o corredor Brión – Noia; autovía Ferrol – Vilalba; vía de alta capacidade Carballo – Fisterra; terceira rolda da Coruña e a vía de alta capacidade Tui – A Guarda. No que respecta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cómpre destacar as obras en varios centros de educación infantil e primaria en Arteixo e O Porriño. Pola súa banda, a Consellería de Medio Rural está a executar, a través de SPI, redes de camiños de concentración parcelaria en Lalín, A Estrada, Vila de Cruces, Valdoviño, Sobrado e Abegondo.

Dentro das actuacións licitadas no ano 2008 que comezarán a executarse no primeiro semestre de 2009, destacan: dentro da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o tramo 2.2 da terceira rolda da Coruña, cun orzamento de licitación de 50,1 millóns de euros. Na Consellería de Educación, están en fase de licitación varios centros de educación infantil e primaria de Ourense, Vigo e Redondela. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar está a licitar actualmente a



reforma e ampliación dun novo edificio para o módulo residencial de asistidos da residencia de maiores de Caranza, en Ferrol, por importe de 5,2 millóns de euros.





## **A XUNTA INVESTIRÁ 8,5 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DA ÚLTIMA FASE DO PLAN PARADAI, NA CIDADE DE LUGO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a CPTOPT e o Concello de Lugo para estender os traballos de urbanización ao outro lado das vías de ferrocarril*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para levar a cabo a última fase do Plan Paradai, na cidade de Lugo, que permitirá estender os traballos de urbanización ao outro lado das vías do ferrocarril e, deste xeito, conectará os barrios das Gándaras e de Paradai.

Segundo o convenio autorizado, Política Territorial investirá un total de 8,5 millóns de euros para completar a urbanización de toda a zona. Inclúe actuacións na estrada das Gándaras, na Ponte Paradai (que deberá ser demolida para construír outra nova), Serra de Meira e na avenida Estación-Conde Fontao. Pola súa banda, o Concello de Lugo deberá poñer á disposición os terreos así como tramitar as licenzas necesarias para executar as obras. Unha vez finalizados os traballos, o Concello asumirá a súa titularidade polo que será o encargado do seu mantemento e conservación.

Con esta última fase, o investimento total da CPTOPT no Plan Paradai ascende a 15 millóns de euros, xa que a día de hoxe están totalmente rematadas as obras de urbanización do entroncamento da avenida Duquesa de Lugo coa rúa Río Narla nas inmediacións da Ponte Romai, e desde a rúa Alta ata a Ponte Paradai, que se corresponden coa primeira e segunda fase respectivamente do plan de obras. Así mesmo, estanse ultimando os traballos da terceira fase, que se corresponde co treito da avenida Duquesa de Lugo que vai desde Ponte Romai ata Ponte Paradai.

O Plan Paradai é un conxunto de obras coas cales se están a urbanizar os accesos ao barrio das Gándaras, contribuíndo así á súa integración co resto da cidade e á dotación de servizos públicos (auga, saneamento, telefonía, luz pública,...). Esta actuación contribuirá á expansión ordenada da zona das Gándaras, onde se está experimentando un notable crecemento e existe unha importante demanda social para que se dote de infraestruturas axeitadas para todos os cidadáns.



## O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 6,1 MILLÓNS DE EUROS Á URBANIZACIÓN DE TRES RÚAS DE VIGO

- *A CPTOPT asinará un convenio de colaboración co Concello de Vigo para urbanizar as rúas Manuel Álvarez e Severino Cobas, en Lavadores, que suman uns tres quilómetros de lonxitude*
- *A Xunta tamén urbanizará no centro da cidade a rúa Escultor Gregorio Fernández, que conecta a Vía Norte coa praza de Fernando el Católico*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo para a urbanización das rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández. A consellería achegará un total de 6.160.000 euros para estes traballos.

As rúas Manuel Álvarez e Severino Cobas atópanse na parroquia de Lavadores e suman unha lonxitude total duns tres quilómetros. As dúas rúas comezan a ambos os lados da antiga fábrica de Álvarez e articulan o espazo existente entre a avenida Ramón Nieto e a avenida de Madrid (A-52). Pola súa banda, a rúa Escultor Gregorio Fernández atópase no centro da cidade e conecta a Vía Norte coa rúa Urzaiz á altura da praza de Fernando el Católico.

Segundo o convenio autorizado hoxe, a CPTOPT achegará o antedito financiamento mentres que o concello será o encargado de redactar o proxecto técnico, asumirá o custo engadido que poidan ter as obras e será o encargado da contratación e recepción dos traballos.

As obras que se realizarán nestas tres rúas de Vigo enmárcanse dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de pór á disposición da cidadanía espazos urbanos que proporcionen unha maior comodidade e melloren o acceso aos distintos equipamentos, fomentando as relacións e favorecendo un desenvolvemento harmónico.



## O EXECUTIVO AUTONÓMICO DEDICA UN MILLÓN DE EUROS Á MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA A GUARDA-FORNELOS

- *A CPTOPT acondicionará un treito de preto de tres quilómetros desta vía a través dun convenio co Concello da Guarda*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Guarda para a mellora da estrada PO-353 A Guarda-Fornelos (Tomiño) nun treito duns tres quilómetros de lonxitude á saída da Guarda. A CPTOPT investirá 1.050.000 euros nesta actuación.

A obra de reforma da estrada e mellora da seguridade viaria desenvolverase entre os puntos quilométricos 0,640 e 3,150. Este treito discorre por un espazo no cal proliferaron as vivendas e que adquiriu un carácter urbano. Isto fixo que se incrementase o tránsito de peóns, polo que é necesario reformar a estrada para adaptala aos seus novos usos e garantir a seguridade viaria de todos os que circulan por ela.

Segundo o convenio autorizado hoxe, a Consellería de Política Territorial achegará o antedito financiamento e contratará as obras. Pola súa banda, o Concello da Guarda deberá facilitar os terreos e permisos necesarios e asumirá a titularidade e o mantemento do treito unha vez rematadas as obras. Igualmente, o concello financiará, de ser o caso, a reposición ou mellora dos servizos afectados e a instalación de novos servizos na parte en que estes superen as contías previstas nos proxectos técnicos.

Esta actuación enmárcase nos obxectivos da CPTOPT de mellora da rede viaria de Galicia de forma que se lles proporcionen aos usuarios unhas infraestruturas máis cómodas e seguras.



## **O GOBERNO GALEGO ASINA UN CONVENIO CO CONCELLO DE CANGAS PARA FINALIZAR A PISCINA DESTE MUNICIPIO**

- *O orzamento total do acordo é de case dous millóns de euros, repartidos en tres anualidades*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Cangas para finalizar a construción da piscina cuberta do municipio, que estaba paralizada por falta de financiamento. O orzamento total do convenio é de 1.962.502,28 euros.

A consellería, a través da Dirección Xeral para o Deporte, achegará un total de 1.533.502,28 euros que se repartirán en tres anualidades (en 2009 achegará 600.000 euros, en 2010 serán 608.502,28 euros e no ano 2011, 325.000 euros), mentres que o concello achegará 429.000 euros en dous anos (en 2009, 200.000, euros e o ano seguinte, 229.000 euros).

A obra será executada polo concello, que é o titular da instalación, e actualmente está en construción. O propio concello licitou e iniciou a construción da piscina. Non obstante, para o seu remate, resulta necesaria a colaboración da Consellería de Cultura e Deporte, dado o elevado custo desta infraestrutura. A finalización das obras de construción desta piscina, á vista das características socio-demográficas da zona, posibilitará o desenvolvemento da práctica deportiva por parte de amplos sectores sociais.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE TERREOS E OBRAS DE AMPLIACIÓN DE MONTECELO

- *O Consello da Xunta aproba unha addenda ao convenio subscrito en 2005 entre o Servizo Galego de Saúde, a Deputación e o Concello de Pontevedra*
- *Co acordo de hoxe, a Xunta de Galicia dá un novo paso de cara á construción do novo hospital único de Pontevedra*
- *O Servizo Galego de Saúde xa rematou as tres primeiras fases do Plan director do hospital, ás que se destinaron 57 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo para a construción do novo hospital único de Pontevedra mediante a subscrición dunha addenda ao convenio marco do ano 2005. Este convenio asinouse entre o Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución das obras de ampliación do Hospital de Montecelo e a dotación de infraestruturas.

Mediante esta addenda, o Servizo Galego de Saúde destinará unha contía total de 3.148.430,21 euros para financiar os custos que deriven da adquisición dos terreos necesarios para acometer as obras de ampliación do Hospital de Montecelo e o mantemento das zonas verdes do recinto hospitalario.

Por outra banda, o Concello de Pontevedra fará unha achega de catro millóns de euros ao Servizo Galego de Saúde antes de marzo de 2010 en concepto de achega á urbanización.

Neste momento, o Servizo Galego de Saúde xa executou as fases I,II e III das obras do Plan director do hospital. Estas tres fases, xa rematadas, acadaron un investimento de 57 millóns de euros. Actualmente resulta necesario abordar as obras que leven á materialización do Hospital Único de Pontevedra, que consistirán nunha reforma parcial do edificio existente e a ampliación e construción dun novo edificio integrado no actual hospital.

O pasado 11 de decembro de 2008, dada a envergadura deste proxecto, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontevedra acordaron a tramitación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal no cal se abordará a obtención dos terreos para acometer as obras de ampliación.

Precisamente a addenda autorizada hoxe polo Consello da Xunta pretende modificar o réxime de obrigas asumidas inicialmente por ambas as institucións, sen afectar as asumidas anteriormente pola Deputación Provincial de Pontevedra, de cara á axilización da obtención de terreos para acometer as obras proxectadas.



## **XUNTA E AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO COLABORARÁN NA MELLORA E ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DO PORTO PESQUEIRO**

- *O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun acordo polo que a Consellería de Pesca chegará preto de dous millóns de euros que permitirán substituír as portas de acceso ás lonxas de Grandes Peixes e Altura e mellorar a funcionalidade e seguridade do edificio do novo Hangar Xeral de Venda e Empaque, entre outras actuacións*
- *Esta iniciativa enmárcase nas accións que a Administración pesqueira galega vén realizando nos peiraos de Galicia, en infraestruturas e equipamentos, co obxectivo de mellorar os servizos de que dispón o sector*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Autoridade Portuaria de Vigo para a realización da obra de mellora e acondicionamento de instalacións no porto pesqueiro de Vigo, para a cal a Administración pesqueira galega chegará preto de dous millóns de euros, que se financiarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Do investimento total, 500.000 euros corresponden aos orzamentos deste ano e os case 1,5 millóns restantes, ás contas de 2010.

Esta iniciativa enmárcase nas accións que a Consellería de Pesca vén realizando nos portos pesqueiros de Galicia, en infraestruturas e equipamentos, co obxectivo de mellorar os servizos destinados ao sector. Estes investimentos lévanse a cabo especialmente en peiraos de competencia autonómica, aínda que sen desatender os de competencia estatal, como é o caso do de Vigo.

Segundo o convenio que asinarán Pesca e a Autoridade Portuaria de Vigo, as obras que se van executar consisten na substitución das portas de acceso ás lonxas de Grandes Peixes e Altura por outras que permitan a separación dos tráxicos de persoas e maquinaria, concibíndose de xeito que eviten a entrada á "rula" de gaivotas. A finalidade desta medida é mellorar as condicións hixiénico-sanitarias.

Ademais, a colaboración entre Pesca e a Autoridade Portuaria permitirá mellorar a funcionalidade e seguridade do edificio do novo Hangar Xeral de Venda e Empaque, para o que é necesario un novo acceso lateral e a colocación dunha cuberta sobre as terrazas, ao tempo que se instalará un ascensor co obxectivo de eliminar barreiras arquitectónicas.

O proxecto construtivo de mellora e acondicionamento de instalacións no porto pesqueiro de Vigo prevé un prazo de execución das diferentes actuacións de seis meses, aínda que o acordo estará vixente ata finais do ano que vén. Isto é debido ao feito de que as obras afectarán a edificios nos cales se desenvolven actividades a



diario e, polo tanto, considérase conveniente que o prazo de vixencia do protocolo se estenda nun período de tempo máis amplo, que permita escoller o momento máis idóneo coa mínima afectación.

### **Obrigas das dúas partes**

O acordo que se subscribirá en breve establece que entre as obrigas da Autoridade Portuaria están aprobar o proxecto realizado pola consellería e poñer á disposición da Administración pesqueira galega os terreos e edificios, dentro da zona de servizo do porto de Vigo, necesarios para a execución das obras. Neste sentido, cómpre sinalar que a Autoridade Portuaria será a encargada de realizar as xestións correspondentes para a obtención de permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, así como afrontar os gastos que se xeren. Así mesmo, o ente portuario asumirá a xestión, explotación, mantemento e conservación das obras unha vez finalizadas e recibidas.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca, comprométese a executar as obras e a financiar o seu custo, que poderán ser cofinanciadas polo Fondo Europeo da Pesca, xa que a actuación de mellora e acondicionamento do porto pesqueiro de Vigo encaixa dentro do Programa Operativo do FEP.

Así mesmo, para o impulso e seguimento das accións establecidas no acordo crearase unha comisión encargada de resolver as controversias que xurdan, que estará integrada por catro membros, dous por cada un dos asinantes. Así, formarán parte da devandita comisión o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca e o xefe do Servizo de Acción Costeira Artesanal, por parte de Pesca, e o director e o xefe do Departamento de Explotación Pesqueira e Medio Ambiente da Autoridade Portuaria.





## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 230.000 EUROS Á CONSTRUCIÓN DUNHA PONTE SOBRE O RÍO PONTIÑAS, EN LALÍN

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio co Concello de Lalín e a Deputación de Pontevedra, que financian as obras hidráulicas xunto con Medio Ambiente*
- *A obras, cuxo custo total ascende a 713.359 euros, mellorarán os parámetros de canalización do Pontiñas e permitirá reparar os danos causados pola recente derruba dunha avenida, que afectou os colectores e acanalización do río*
- *Medio Ambiente investirá, ademais, 302.522 euros para dotar de saneamento os núcleos de Pareizo e Cotarelo, que ata o de agora carecían del*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 237.786 euros ás actuacións de acondicionamento, saneamento e mellora do río Pontiñas ao seu paso polo concello de Lalín, segundo un acordo que autorizou hoxe o Consello da Xunta.

O departamento autonómico colaborará así co Concello de Lalín e a Deputación de Pontevedra para levar a cabo a construción dunha ponte sobre o río que arranxe os problemas de canalización e saneamento na zona. Esta actuación conxunta entre as tres administracións ten un investimento total de 713.359 euros.

A construción da ponte será a solución para acadar os parámetros de canalización do río que non cumpría o sistema anterior. Ademais, realizaranse actuacións de reposición das conducións de saneamento, a reposición e iluminación de diversas sendas e a canalización do río, entre outras.

No paso do río polo concello de Lalín existían carencias en materia de saneamento e acondicionamento que empeoraron a raíz da derruba dun tramo da avenida Xosé Cuíña pola que transcorría a canalización do Pontiñas e que afectou os servizos de abastecemento, saneamento e a circulación, xa que tamén rompeu un dos colectores e dun sistema de impulsión.

### **Saneamento en Parezo e Cotarelo**

O Consello da Xunta autorizou, ademais, o investimento de 302.522 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente para dotar de rede de saneamento os núcleos de Pareizo e Cotarelo, que carecen dela. Esta actuación incluírá tamén a poboación situada ao longo da estrada de Brántega e da pista de Delaparte á estrada de Goiás.

As obras, que teñen un prazo de execución de dous meses, inclúen a instalación de colectores por gravidade e bombeos para impulsar as augas. No proxecto, recóllese tamén a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.





## O GOBERNO GALEGO INVISTE 2,7 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA REDE DE COLECTORES E DEPURADORA DE CARBALLO-CORISTANCO

- *O proxecto inclúe a construción de dúas estacións de bombeo e unha planta de tratamento de augas residuais para 2.000 habitantes, ampliable a 4.000*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o proxecto para a construción da rede de colectores xerais e depuradora de Ardaña, que prestará servizo ás localidades coruñesas de Carballo e Coristanco. Trátase dunha planta de tratamento de augas residuais que dará servizo ás parroquias de Rus, Ardaña, Entrecruces e Erbecedo e suporá un investimento de 2.774.179 euros, que serán financiados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

O proxecto inclúe a construción de dúas estacións de bombeo, coas súas correspondentes impulsións, cinco colectores e a propia planta de tratamento de augas residuais, que terá capacidade, nun principio, para o tratamento das augas residuais de 2.000 habitantes, ampliable a 4.000.

A actuación conta cun prazo de execución de vintecinco meses, dos que un corresponde á redacción do proxecto definitivo, doce á realización dos traballos e os outros doce á explotación das instalacións.



## **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 660.000 EUROS Á SEGUNDA FASE DE SANEAMENTO EN CHANDEBRITO, E EN RÚAS DA PARROQUIA DE CAMOS E O NÚCLEO URBANO DE NIGRÁN (PONTEVEDRA)**

- *O Consello autorizou hoxe a colaboración entre a consellería e o Concello de Nigrán para a execución do proxecto*
- *A obra incluírá a segunda fase de saneamento a Chandebrito, ademais do saneamento as rúas Roteas e do Río, en Camos e a substitución dun colector na rúa Areosa, en Nigrán*
- *O prazo de execución é de oito meses*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará máis de 660.000 euros á segunda fase do saneamento en Chandebrito, e ás obras de saneamento en rúas da parroquia de Camos e do núcleo urbano de Nigrán (Pontevedra). O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre o departamento autonómico e o municipal para a execución do proxecto.

A obra incluírá a segunda fase de saneamento ao núcleo de Chandebrito, cunha rede de distribución a esta parroquia e ás rúas Roteas e do Río, na parroquia de Camos, que actualmente carecen deste servizo. As augas levaranse desde a rede municipal, que vai á depuradora existente. Proxéctanse, ademais, dous bombeos, un deles en Chandebrito, para tratar un caudal de 6,65 litros por segundo, e outro en Rosada, para un caudal de 2 litros por segundo.

Na rúa Areosa, no núcleo urbano de Nigrán, acometerase a substitución do último treito do colector existente, que actualmente está saturado, por outro de maior diámetro.

As obras serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) e contan cun prazo de execución de oito meses.



## O GOBERNO GALEGO ACOMETERÁ O ABASTECIMENTO AO CONCELLO DA ESTRADA MEDIANTE A CAPTACIÓN DESDE O RÍO UMIA, CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS

- *A nova captación solucionará os problemas actuais do abastecemento ao núcleo urbano da Estrada, que actualmente se abastece do río Liñares*
- *A obra incluírá a execución da rede de abastecemento ás parroquias de Guimarei, Nigoi, Ouzande, Parada, A Somoza e Tabeirós*
- *O proxecto será financiado no 80% pola Consellería de Medio Ambiente e no 20% polo Concello da Estrada*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá un novo abastecemento ao concello da Estrada (Pontevedra) mediante unha captación alternativa desde o río Umia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a consellería e o concello para executar o proxecto, que conta cun orzamento de 3.091.085 euros.

A nova captación desde o río Umia formúlase como unha alternativa á actual, que se fai desde o río Liñares, dado que a calidade da auga deste varía ao longo do ano. Ademais de abastecer o núcleo urbano do concello da Estrada, a obra permitirá dotar deste servizo os núcleos de Guimarei, Nigoi, Ouzande, Parada, A Somoza e Tabeirós.

A captación desde o Umia realizarase substituíndo unha canle aberta xa existente por uns 1.300 metros de tubaxe de fundición que levará auga a unha nova estación de tratamento de auga potable (ETAP) de 50 litros por segundo de capacidade, desde onde irá a un novo depósito de 4.500 metros cúbicos. Paralela a esta tubaxe aloxarase unha conducción para rega, co fin de dar servizo aos actuais beneficiarios da concesión de captación. Un total de 9,5 quilómetros de tubaxes unirán o tanque existente co novo.

O proxecto ten un prazo de execución de vinte e cinco meses, incluíndo a súa redacción, a realización das obras e a súa explotación. O custo total da actuación é de algo máis de 3 millóns de euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente achegará o 80%, 2,4 millóns; e o Concello da Estrada asumirá o 20%, cunha achega de 618.000 euros distribuída en dúas anualidades.



## A HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA XA ESTÁ EN MARCHA EN TODAS AS ÁREAS DE ATENCIÓN PRIMARIA E EN TODOS OS HOSPITAIS

- *Máis de 2,6 millóns de historias clínicas están dixitalizadas; e hai máis de 15.000 profesionais acreditados*
- *O 92 por cento dos informes á alta dos hospitais públicos galegos están dixitalizados; todos os centros contan con sistemas de recoñecemento de voz e con imaxe dixitalizada*
- *Estes datos foron presentados ao Consello da Xunta no balance do Plan Rede de Saúde 2006-2009, que conta cun orzamento global de 150 millóns*
- *O novo portal da Sanidade pública galega, que recibiu máis de 5,5 millóns de accesos en 2008, ofrece novos servizos á cidadanía, ao profesional e aos provedores*
- *Tamén se puxeron en marcha sistemas de información que integran as redes de vixilancia epidemiolóxica, investigación e información coas redes asistenciais*
- *A Sanidade pública galega dispón de 14.00 postos informatizados, 720 servidores, e 232 centros de primaria conectados á banda larga*

A conselleira de Sanidade presentou hoxe ao Consello da Xunta o balance do Plan Rede de Saúde 2006-2009, que conta cun investimento de 150 millóns de euros, e está estruturado ao redor de seis liñas estratéxicas: dixitalizar a actividade asistencial (historia clínica e receita electrónica); promover novas canles de acceso e participación no sistema sanitario público; optimizar os procesos de xestión interna cara a unha maior eficiencia; prestar soporte activo ás redes de vixilancia da saúde; dispor de información de calidade para a toma de decisións e reforzar as infraestruturas tecnolóxicas para garantir a dispoñibilidade dunha nova sanidade dixital en todo o territorio galego.

### **Dixitalización: historia e receita electrónica**

A posta en marcha da historia clínica electrónica desenvolveuse en todas as áreas de Atención Primaria e en todos os hospitais. Isto supón que un total de 2.610.693 historias clínicas están accesibles a través do sistema IANUS e hai máis de 15.000 profesionais acreditados. En concreto, superáronse os 11 millóns de accesos por parte dos nosos profesionais a IANUS no último ano 2008.

En canto á dixitalización da imaxe médica (en marcha en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde) convén salientar que a porcentaxe de estudos con imaxe dixitalizada asociada supera o 85 por cento. Tamén se puxeron en marcha ferramentas informáticas de recoñecemento de voz en todos os servizos de radiodiagnóstico.



Ademais, iniciouse a receita electrónica (e-receita) que actualmente se está a implantar en concellos de todas as áreas sanitarias; en concreto, en 2009 o 60 por cento das farmacias galegas usarán e-receita. No ano 2008 foron prescritas dixitalmente 25 millóns de receitas (o 45,5 por cento do total, que nalgúns áreas chega ao 60 por cento); e xa foron prescritas 131.536 e-receitas a 57.000 persoas.

### **Novas canles de acceso e participación**

A accesibilidade ao sistema sanitario público é outra das liñas estratéxicas de Rede de Saúde, e na cal se enmarcan actuacións como o novo portal web da sanidade pública galega. Durante o ano 2008 acadáronse preto dos 5,5 millóns de accesos á web da sanidade pública galega, o que representa un incremento do 487 por cento, respecto dos accesos rexistrados no ano 2005.

De cara á cidadanía puxéronse en marcha proxectos como Queres, un sistema de información de queixas e suxestións como canle de escoita de participación da cidadanía. Actualmente está en marcha en toda a provincia de Ourense e en proceso de implantación na da Coruña.

De cara á cidadanía tamén se puxeron en marcha novos servizos web como a consulta individualizada de lista de espera (que recibiu 4.185 accesos en 2008), se recibiron 634 novas solicitudes de tarxetas de doador de órganos a través da web, e se iniciou a subscrición a alertas e mensaxes SMS (nova canle de noticias, avisos de saúde e recordatorios de cita) á cal se subscribiron 1.710 persoas que recibiron o ano pasado 316.394 mensaxes curtas.

Ademais, segundo datos de 2008, o 12,14 por cento da poboación pediu cita co seu médico de familia a través da web (frente ao 5,66 por cento do ano 2005), un total de 154 centros de saúde descentralizaron o tratamento de anticoagulante oral (sintrom), e outros 127 centros contan con solución de telemedicina implantada.

Entre os servizos para os profesionais destaca a posta en marcha da Oficina Virtual do Profesional (FIDES), a plataforma de formación a distancia (Mestre) para facilitar a accesibilidade dos profesionais aos plans docentes a través de 757 cursos impartidos en 2008 a 11.912 profesionais; e a implantación da Biblioteca Virtual do Sistema Sanitario Público Galego, que xa recibiu 42.461 accesos a 1.500 revistas.

Ademais, 416 provedores contan cunha ferramenta específica (OFPRO), que permite acceder e comunicarse co Servizo Galego de Saúde de forma áxil, rápida e sinxela. Máis da metade dos provedores con facturación superior a 300.000 euros xa teñen acceso a esta oficina virtual. O ano pasado tramitáronse 16.491 solicitudes a través desta oficina virtual do provedor.



### **Soporte activo para as redes de vixilancia da saúde**

Outra das liñas estratéxicas de Rede de Saúde é ofrecer a través das novas tecnoloxías un soporte activo para as redes de vixilancia e a información da saúde, é dicir, a integración das redes de vixilancia epidemiolóxica, investigación e información, coas redes asistenciais.

Nesta liña, iniciouse o Sistema de Información Vixía-Rede de Alerta, que dá cobertura a todas as actividades relacionadas coa vixilancia epidemiolóxica; e tamén se implantou o Rexistro Galego de Tumores (que xa funciona nas áreas de Ourense, Ferrol e Vigo) conceptualizado como un sistema capaz de dar resposta aos requirimentos asistenciais, de investigación, planificación e vixilancia epidemiolóxica do cancro. Ademais, elaborouse o Plan de sistemas para o ámbito de inspección de saúde pública- Plan HERME.

### **As infraestruturas tecnolóxicas e a garantía de servizo**

Rede de Saúde supón un importante esforzo na consolidación das infraestruturas tecnolóxicas que garantan o almacenamento seguro da información clínica dos doentes, así como a súa accesibilidade e dispoñibilidade en calquera punto da rede asistencial as 24 horas do día.

Así, estableceuse unha potente rede de telecomunicacións ao servizo do Sistema Sanitario Público de Galicia, que conecta 571 centros. En conexión coa liña estratéxica de acadar unha maior eficiencia no uso dos recursos, o novo concurso garantiu tarifa plana en todas as comunicación de telefonía fixa e móbil do sistema sanitario.

Como mostra, actualmente estamos a conectar á rede as oficinas de farmacia da comunidade autónoma e os centros concertados que complementan a actividade desenvolvida nos hospitais públicos; ademais, un 40 por cento das liñas de comunicación son de banda larga.

O número de usuarios e usuarias xestionados incrementouse en case o 70 por cento, acadando a cifra de 41.054 usuarios e usuarias dos sistemas. E no tocante á dotación de equipamento, incrementouse o número de servidores ata 709; multiplicouse o volume de información sanitaria almacenada en formato dixital (acadan os 402 terabytes almacenados); e hai un total de 14.000 postos informatizados, dos cales 9.991 son clínicos.

### **Previsións de futuro**

O obxectivo do Plan Rede de Saúde de cara a este ano 2009 pasa pola integración na rede sanitaria galega da e-receita conectando tamén os centros concertados, dotando



de máis funcionalidade o IANUS como apoio ao proceso asistencial, dando acceso do paciente a IANUS; e tamén avanzando en aspectos de mobilidade e teleasistencia.

De cara a 2010, o obxectivo é consolidar os procedementos electrónicos e de coñecemento científico, é dicir, acadar a dixitalización total e dotar IANUS de ferramentas de explotación do coñecemento científico.



## Balance Plan Rede de Saúde 2006-2009

**...construindo redes de colaboración e coñecemento**

*Consello da Xunta de Galicia  
5 de febreiro de 2009*







## Balance 2005-2008

	2005	2008
<b>HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA</b>		
<b>IANUS</b>		
Nº historias clínicas dixitais	224.540	2.610.293
Nº profesionais con acceso	642	15.000
% altas hospitalarias dixitalizadas	8%	92%
Nº accesos anuais IANUS	0,5 millóns	11 millóns
<b>Dixitalización imaxe médica</b>		
Nº hospitais con imaxe dixital	2	14 (todos)
% estudos co imaxe dixitalizada	20%	86%
Hospitais con recoñecemento voz	0	14 (todos)
<b>E-receita</b>		
% prescrición electrónica	4%	45,54% ( 60 % nalgunhas áreas)
Nº oficinas farmacia conectadas	0	38
Nº e-receitas	0	131.536



## Balance 2005-2008

<b>SERVIZOS EN LIÑA –Accesibilidade aos servizos sanitarios</b>		
Nº accesos á Web	1.124.161	5.477.803
<b>Servizos para a cidadanía</b>		
% cidadáns cita internet	5,66%	12,14%
Nº centros de AP con cita telemática especialista	41%	64%
Nº Cambios de médico e trámites administrativos web	16.971	35.390
Nº Accesos lista de espera individualizada na web	0	<i>Novo servizo</i> 4185
Inscripcións no servizo de alerta sms (Nº inscricións/Nº mensaxes)	0	<i>Novo servizo</i> (1710/316.394)
Queres (Sistema de Queixas e Reclamacións)	0	<i>Novo Servizo</i>
Rexistro Galego Instrucións Previas	0	<i>Novo Servizo</i>
Nº de centros sintrom descentralizado	9	154
Nº de centros con Telemedicina	31	127



## Balance 2005-2008

<b>SERVIZOS EN LIÑA –Accesibilidade aos servizos sanitarios</b>		
<b>Servizos para os profesionais</b>		
<b>FIDES (Oficina Virtual) Nº Profesionais con acceso</b>	<b>0</b>	<b><i>Novo Servizo</i> Todos os profesionais</b>
<b>MESTRE (Plataforma Teleformación) Nº cursos/nº profesionais formados</b>	<b>0</b>	<b><i>Novo Servizo</i>  757 Cursos/11.912 Profesionais formados</b>
<b>Bibliosaúde Nº accesos/nº revistas electrónicas</b>	<b>0</b>	<b><i>Novo Servizo</i> 42.461 accesos/1.500 revistas</b>
<b>Servizos para os provedores</b>		
<b>Oficina Virtual Provedores/nº accesos</b>	<b>0</b>	<b><i>Novo servizo</i> 416 provedores/4.803 accesos</b>
<b>Servizo Telemático de Acreditación Auditorías Docentes (SAGA) % empresas con acceso</b>	<b>0</b>	<b><i>Novo Servizo</i>  24% empresas</b>



## Balance 2005-2008

	2005	2008
<b>PLATAFORMA TECNOLÓXICA</b>		
Postos clínicos informatizados	3064	9.991
Servidores	306	720
Volume información dixitalizada	47 Terabytes	402 Terabytes
Equipos comunicacións	1051	1877
Liñas Comunicacións	803	1511
Centros primaria conectados a banda ancha	33	232
Usuarios/as dos Sistemas	22.132	41.054
Profesionais con tarxeta e sinatura dixital	642	21.041